

Inma Otero Varela

María do Cebreiro, *O Deserto* (Apiario, 2015)



Sobran os motivos que xustifican que se lle outorgase a este poemario o Premio da Crítica que concede a Asociación Española de Críticos Literarios cada ano ás mellores obras en poesía e narrativa de cada unha das linguas oficiais do Estado español.

Xa na súa fasquía máis externa o libro concíbese como un obxecto artístico que fala da multidisciplinareidade presente no discurso poético. O cine, as artes plásticas, a filosofía e os mitos configuran o universo ficticio da obra de María do Cebreiro, prolífica pese á súa xuventude. De sempre gustou de dialogar coas narracións que marcan o seu posicionamento cultural, como galega e como pertencente ao conglomerado da civilización occidental. No seu macrocosmos literario, tamén no ensaístico, hai moito de análise dos signos que axudan a concibirnos, e un dos relatos que inevitablemente se sitúa no noso substrato é o bíblico, tan presente no poemario.

Para alén da pesquisa en torno ao texto como acto comunicativo, neste caso centrada no valor da escrita como traza, aquí detéctase unha poesía da experiencia que privilexia a emoción fronte o intelecto malia o peso deste último aspecto. Afóndase na experiencia da dor, da culpa e da inxustiza cometida contra os marxinados, polo que a referencia ao Antigo Testamento cobra un valor simbólico. O deserto convértese na metáfora da travesía a través do tormento, da ferida feita paisaxe como espazo da revelación. As verdades agóchanse nas fendas, no que latexa baixo a pel mais que transmuta grazas ao amor.

A exploración da dor condúcea tamén á relectura dos clásicos galegos e á Rosalía de Castro máis metafísica, outra das constantes da súa produción. A referencia

rosaliana pon de relevo unha visión un tanto herética da Biblia que ten que ver co protagonismo da muller. En *Odeserto* espéllase o eu poético naqueles mulleres silenciadas pola historia oficial para situalas aquí no lugar central que lles corresponde para que o mito poida encarnarse, mesmo nas versións que coñecemos. Así, a María virxe e a María Magdalena, xunto coa María autora, reivindicán o papel de todas as heroínas ás que se lles arrabatou a memoria da súa audacia.

A linguaxe poética converte a chaga en contradición que busca interpretar o que ocultan os pregues. Pero facendo da contradición virtude, as referencias intelectuais botan luz na escuridade para amosar como, a fin de contas, só o amor vale.